
DIARIO DE CROSSES GREEN

Texto de MARTÍN VEIGA

Ilustracións de MARÍA MAQUIEIRA

Encadernación rústica, sobrecuberta. 15 x 23,5 cm. 112 páx. 12 €.

ISBN 978-84-16721-00-9. Factoría K de Libros. Tambo.



*Hoxe recende a brea na contorna da casa
de Crosses Green, onde constrúen botes
cabo dos muiños. Perfuma o ar tan calmo
esa agridoce fragancia, coma a que alaga
os ollos cando un vento inesperado
apaga na noite aromadas candeas...*

[Fragmento do poema "En Crosses Green"]

“Diario de Crosses Green” supón o regreso de Martín Veiga á reflexión sobre o tempo e os seus misterios. Esta obra contén poemas que tenden unha ponte entre esta e a outra banda do río; que non é só metáfora móbil da vida, senón que é a vida mesma a acontecer, a se tornar nitidamente real ante a ollada atenta ao devalo das augas.

Concibido e escrito na súa totalidade en Irlanda, o autor interrógase neste libro sobre o sentido do lugar e establece un diálogo aberto cos ecos dunha tradición plural; mais tamén coas luces e coas sombras do presente máis visible e inmediato.

O decorrer implacable das horas, o pasar dos días, desvelan o demorado tránsito das estacións e inauguran un outro tempo no que anotacións e proverbios, cántigas e versos, comparten espazo cos atavíos da memoria, cos engados do amor e cos prodixios da natureza; milagres renovados que a palabra poética convida a celebrar.



■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección *Tambo*: “Os ángulos da brasa” (Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio da Crítica Española 2012, Premio de Poesía da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2012 e Premio Nacional de Poesía 2013), “Onde nunca é mañá” e “Rigorosamente humano”, de Manuel Álvarez Torneiro; “Alén da fronteira” (Premio Lois Tobío de Tradución 2012), que recompila a obra de sete poetas vascos; “Tríptico”, de Antoni Marí; “Espiral de sombras”, de Xavier Seoane; “Estrela do norte”, de Luís Rei Núñez; “Tempo de exilio”, de Joseba Sarrionandia.

Martín Veiga

(Noia, 1970)

É poeta e profesor titular de Estudos Hispánicos na *University College Cork*, onde tamén dirixe o *Irish Centre for Galician Studies* e, ademais, codirixe a revista *Galicia 21: Journal of Contemporary Galician Studies*. Como investigador, é autor da monografía “Escribir na multitude: A obra literaria de Antón Avilés de Taramancos” (2014) e doutros estudos académicos sobre poesía contemporánea, tradución literaria e literatura de viaxes no ámbito ibérico. A súa traxectoria poética comezou coa publicación do libro “Tempo van de porcelana” (1990), ao que lle seguiron títulos como “As últimas ruínas” (1994, Premio Espiral Maior), “Ollos de ámba” (2005, Premio Esquílo) e “Fundaxes” (2006, Premio Fiz Vergara Vilaríño).
